




Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 YGS	Documento 54115I025V	
Código de verificación  6X3N 1X5C 1E41 132L 0F9K	Expediente 541/2020/2222	
	Fecha 10-03-2021	

RELACIÓN DEFINITIVA DE ENTIDADES ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DAS HORTAS URBANAS NO PARQUE DE OZA E NO PARQUE DE CARLOS CASARES E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

O Servizo de Medio Ambiente está a tramitar o procedemento para a concesión do outorgamento de autorizacións para o uso das hortas urbanas no Parque de Oza e no parque de Carlos Casares, a favor de asociacións sen ánimo de lucro, de acordo co disposto nas bases reguladoras da citada convocatoria, publicadas no BOP do 22 de decembro de 2020.

Con data 22 de febreiro do 2021, publicouse na páxina web municipal (www.coruna.es/medioambiente) a relación provisional de entidades admitidas no procedemento para a concesión de autorizacións para o uso das hortas urbanas no Parque de Oza e no Parque de Carlos Casares, outorgándoseles un prazo de dez días para a subsanación da solicitude.

Unha vez rematado o prazo para a subsanación de solicitudes, e revisada a documentación achegada polas entidades, publícase a seguinte relación definitiva de entidades admitidas:

AUTORIZACIÓN DE USO HORTA URBANA NO PARQUE DE OZA:

- Asociación de Leira na Leira (G01978741).

AUTORIZACIÓN DE USO HORTA URBANA NO PARQUE DE CARLOS CASARES:

- Asociación de Leira na Leira (G01978741).
- Asociación Ecos do Sur (G15354483).
- Asociación Veciñal Atochas-Monte Alto (G15038243).

De conformidade co establecido no punto 9 das bases reguladoras da convocatoria, a Comisión de Valoración das propostas presentadas, estará integrada polo seguinte persoal técnico, adscrito á Área de Medio Ambiente: Angelika Lorenzen Ketterling e M.^a Lourdes Isasi (de) Zaragoza.

Unha vez rematada a valoración, ditarase a resolución do procedemento establecendo as entidades adjudicatarias das hortas do parque de Oza e do parque Carlos Casares e a listaxe das entidades de reserva e será publicada na páxina web municipal (www.coruna.es/medioambiente), de acordo coas previsións do artigo 45 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data da sinatura dixital que consta neste documento.

O Director de Área de Medio Ambiente